



Resolución do 28 de marzo de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se fai pública a convocatoria para a incorporación de novos centros docentes á Rede de Centros Plurilingües de Galicia para o curso 2019-2020.

A Orde do 12 de maio de 2011, pola que se regulan os centros plurilingües na Comunidade Autónoma de Galicia e se establece o procedemento de incorporación de novos centros á Rede de Centros Plurilingües de Galicia, na sección quinta establece o procedemento de incorporación á Rede: solicitude e documentación, lugar e prazo de presentación e selección dos novos centros. Na disposición derradeira primeira autoriza á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para realizar as sucesivas convocatorias anuais de incorporación dos centros docentes á Rede de Centros Plurilingües de Galicia, así como de ampliación do programa nos centros xa autorizados.

De acordo co anteriormente exposto, esta Dirección Xeral, **RESOLVE:**

Primeiro. Obxecto e ámbito de aplicación.

A presente resolución ten por obxecto realizar a convocatoria para o curso 2019-2020 de incorporación dos centros docentes de educación primaria e de educación secundaria sostidos con fondos públicos á Rede de Centros Plurilingües de Galicia.

Segundo. Solicitude e documentación.

1. Os centros que desexen incorporarse á Rede de Centros Plurilingües de Galicia deberán facer a correspondente solicitude en liña completando o formulario electrónico dispoñible na aplicación á que se accede no enlace <http://www.edu.xunta.es/programaseducativos>.
2. Será a persoa directora quen deberá acceder á aplicación coas súas credenciais. Unha vez rematado o proceso de solicitude xerárase un documento no buzón de informes (Anexo I). Este documento será custodiado no centro educativo.



3. Na solicitude faranse constar, ademais dos datos de identificación do centro e da persoa directora, os datos que se relacionan a continuación:

- a) Proxecto de desenvolvemento do programa plurilingüe en cada un dos cursos da etapa para a que se propoña, con indicación do curso ou cursos de aplicación no ano académico 2019-2020 e planificación da extensión na etapa nos seguintes anos académicos.
- b) Relación de áreas ou materias que se impartirán en lingua estranxeira, con indicación desta.
- c) Información relativa á experiencia en plans e/ou programas relacionados coas linguas estranxeiras nos que participou o centro.
- d) Datos da aprobación do proxecto polo Consello Escolar, oído o Claustro de profesores e profesoras.
- e) Relación do profesorado con destino definitivo no centro, ou profesorado contratado no caso dos centros concertados, que impartirá docencia, xunto coa titulación que acredite a súa competencia lingüística. Igualmente, datos da persoa coordinadora do programa.

4. A inspección educativa informará a solicitude a través da aplicación.

Terceiro. Prazo de presentación.

O prazo de presentación de solicitudes comezará ao día seguinte da publicación da presente resolución no portal educativo <http://www.edu.xunta.gal/portal/> e rematará o día 30 de abril de 2019.

Cuarto. Datos de carácter persoal.

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta do cidadán.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento



incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas e esta circunstancia reflectirase no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás Administracións públicas, organismos e/ou entidades que participan neste plan no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en [https:// www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais](https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais).

Quinto. Selección dos centros.

1. A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional realizará a selección dos proxectos mediante unha comisión que estará presidida pola persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, ou persoa en quen delegue, e que tamén estará integrada polas persoas titulares da Subdirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado e do Servizo de Ordenación, Convivencia e Participación Educativa, así como dúas persoas asesoras técnicas da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, unha das cales realizará as funcións de secretaría.



2. A valoración das solicitudes presentadas realizarase considerando a viabilidade do proxecto. Para iso terase en conta a experiencia previa do centro, o cadro de persoal de profesorado dispoñible coa cualificación requirida para desenvolver o programa en toda a etapa (con especial mención ao profesorado especialista en idioma estranxeiro) e os recursos existentes no centro, así como o número de unidades e de alumnado.
3. A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa fará pública, a través do portal educativo <http://www.edu.xunta.gal/portal>, a listaxe provisional de centros docentes autorizados para a incorporación de novos centros plurilingües. Abrirase un prazo de reclamacións de 5 días hábiles no que os centros efectuarán as reclamacións que consideren oportunas.
4. A Comisión de selección elevará a proposta á conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional que ditará a resolución. As solicitudes consideraranse desestimadas de non quedar resolta a convocatoria no prazo de cinco meses desde a data da súa publicación. A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa fará pública, a través do portal educativo <http://www.edu.xunta.gal/portal>, a listaxe definitiva de centros autorizados para a incorporación de novos centros plurilingües para o curso 2019-2020. A resolución definitiva será publicada no Diario Oficial de Galicia.
5. Contra esa resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpor recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Tamén poderán formular directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, conforme se establece na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Sexto. Seguimento e avaliación.

1. Os centros plurilingües establecerán na súa programación xeral anual os procesos de seguimento e avaliación do programa plurilingüe que permitan valorar os resultados





obtidos e establecer, cando cumpra, propostas de mellora, que deberán reflectirse na memoria final de cada curso.

2. Correspóndelle á inspección educativa supervisar o proceso de implantación e desenvolvemento do programa nos centros plurilingües, prestándolle especial atención á práctica docente, así como propor medidas de mellora.
3. A persoa coordinadora do programa, coa participación do profesorado implicado neste, deberá elaborar unha memoria ao remate do curso escolar para a súa integración na memoria anual do centro. A memoria cubrirase a través da aplicación informática, á que se accede a través do enlace <http://www.edu.xunta.es/programaseducativos> -no programa correspondente de *centros plurilingües*. Unha vez cuberta e gardada deberá ser confirmada pola persoa directora. A confirmación da memoria será un requisito indispensable para a certificación do profesorado na actividade. A memoria será informada pola inspección educativa a través da aplicación informática: <http://www.edu.xunta.es/programaseducativos>.
4. Ao remate de cada etapa educativa, co fin de verificar o grao de dominio da lingua estranxeira, levarase a cabo a avaliación do alumnado participante no programa plurilingüe, seguindo o procedemento que determine a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Sétimo. Apoios por parte da Administración educativa.

1. A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, nos centros da súa dependencia, asegurará que as vacantes que se produzan entre o profesorado que imparte o proxecto plurilingüe en infantil, vinculadas polo tanto ao programa de centros plurilingües, se cubran con profesorado coa debida competencia lingüística. Estableceranse os criterios selectivos necesarios para que as posibles substitucións temporais do profesorado participante no programa se realicen por aquel que posúa a debida competencia lingüística no idioma estranxeiro correspondente.
2. A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional impulsará, dentro do seu Plan de Formación, actividades específicas para o profesorado de proxectos plurilingües no segundo ciclo da Educación Infantil, dentro da Rede de Centros Plurilingües e facilitará a dispoñibilidade de recursos didácticos e materiais





específicos, así como de orientación didáctica para o desenvolvemento do programa. Unha medida específica será a realización por parte dos centros educativos que se incorporen a este programa, dun PFPP específico relacionado con este programa.

3. A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional dotará aos centros públicos de persoas nativas de apoio ao profesorado do centro para posibilitar o desenvolvemento do programa.

Oitavo. Certificación de participación do profesorado.

O profesorado que participe neste programa de innovación educativa recibirá un certificado acreditativo ao remate de cada curso escolar, cunha equivalencia de 50 horas de formación do profesorado para aquel que imparta áreas ou materias non lingüísticas en lingua estranxeira, e cunha equivalencia de 20 horas de formación do profesorado para a persoa coordinadora. Naqueles casos en que o profesorado actúe, ao mesmo tempo, como profesorado que imparte áreas ou materias en lingua estranxeira e coordinador ou coordinadora recibirá un só certificado como profesorado que imparte áreas ou materias en lingua estranxeira.

Noveno. Entrada en vigor.

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da publicación do anuncio desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela,

Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa

Edificio Administrativo
San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

galicia

CVE: Ghp9qTFXs9
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>

 Xacobeo 2021

